



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 40
4 de xaneiro de 2017



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Cualificación das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

- 1 emenda formulada polo G. P. de En Marea (doc. núm. 2533) [7233](#)
- 1 emenda formulada polo G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 2532) [7244](#)
- 1 emenda formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 2495) [7247](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas do Parlamento de Galicia [7229](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura do Parlamento de Galicia [7230](#)

■ Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración e servizo de mantemento do hardware e software da solución de virtualización do Centro de Procesamento de Datos do Parlamento de Galicia [7231](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación das emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 30 de decembro de 2016, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade, que rematou ás 18.30 horas do 23 de decembro de 2016, e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea:

—Documento co número de rexistro 2533, 1 emenda.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

—Documento co número de rexistro 2532, 1 emenda.

c) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

—Documento co número de rexistro 2495, 1 emenda.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

2º. Admitilos a trámite.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.3. Asuntos económicos e contratación

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas do Parlamento de Galicia

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.

b) Número de expediente: STI-PA-9/2016

c) Enderezo de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: mixto, de subministración e servizos

b) Descrición: subministración e servizos para a renovación das barreiras de devasas

c) CPV: 48730000-4 Paquetes de software de seguridade; 30236000-2 Equipo informático diverso.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 5 de setembro de 2016.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 48.760,33 €

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 48.760,33 €.

Importe total: 58.999,99 €

6. Formalización do contrato:

a) Data de adxudicación: 28 de novembro de 2016.

b) Data de formalización do contrato: 21 de decembro de 2016.

c) Contratista: Emetel Sistemas, S.L.

d) Importe de adxudicación:

Importe neto: 48.237,63 €.

Importe total: 58.367,53 €.

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: única oferta presentada.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X legislatura do Parlamento de Galicia

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.

b) Número de expediente: STI-PA-2/2016

c) Dirección de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

a) Tipo: mixto, de subministración e servizos

b) Descrición: subministración e servizo de mantemento de material informático (ordenadores portátiles e impresoras) da X lexislatura.

c) CPV: 30213100: ordenadores portátiles; 30232110: impresoras láser.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 2 de setembro de 2016.

3. Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 96.802,00 €

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 96.802,00 €.

Importe total: 117.130,42 €.

6. Formalización do contrato:

a) Data de adxudicación: 3 de decembro de 2016.

b) Data de formalización do contrato: 19 de decembro de 2016.

c) Contratista: Sivsa, Soluciones Informáticas, S.A.U.

d) Importe de adxudicación:

Importe neto: 74.544,84 €.

Importe total: 90.199,26 €.

e) Vantaxes da oferta adxudicataria: única oferta presentada.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 26 de decembro de 2016, pola que se anuncia a formalización do contrato administrativo para a subministración e servizo de mantemento do hardware e software da solución de virtualización do Centro de Procesamento de Datos do Parlamento de Galicia

En cumprimento do disposto no artigo 154 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, publícase o anuncio da formalización deste contrato administrativo.

1. Entidade adxudicadora: Mesa do Parlamento de Galicia.

- a) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- b) Número de expediente: STI-PA-8-/2016
- c) Dirección de internet do perfil do contratante: www.parlamentodegalicia.gal.

2. Obxecto do contrato:

- a) Tipo: mixto, de subministración e servizos
- b) Descrición: subministración e servizo de mantemento do hardware e software da solución de virtualización do Centro de Procesamento de Datos.
- c) CPV: 48820000-2 Servidores; 48620000-0 Sistemas operativos.
- d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial da Galicia*.
- e) Data de publicación do anuncio de licitación: 5 de setembro de 2016.

3. Tramitación e procedemento:

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.

4. Valor estimado do contrato: 73.000,00 €

5. Orzamento base de licitación:

Importe neto: 73.000,00 €.
Importe total: 88.330,00 €.

6. Formalización do contrato:

- a) Data de adxudicación: 3 de decembro de 2016.
- b) Data de formalización do contrato: 26 de decembro de 2016.
- c) Contratista: Asac Comunicaciones, S.L.
- d) Importe de adxudicación:
Importe neto: 47.500,00 €.
Importe total: 57.475,00 €.
- e) Vantaxes da oferta adxudicataria: oferta económica máis vantaxosa.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2016.

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2017**, polos seguintes motivos:

Diversos e coherentes pronunciamentos do Consello Económico e Social do Estado inciden nunha doutrina que considera ás leis de acompañamento orzamentario como elementos que favorecen o risco de dispersión dunha normativa á que se lle subtrae coherencia e dificulta a súa comprensión global, co risco eventual de provocar inseguridade xurídica nos intérpretes e aplicadores das normas.

O Consello Xeral do Poder Xudicial advertiu dos riscos desta incorrecta técnica legislativa, en especial no que atinxe á derogación destas leis sobre a normativa vixente.

O Consello de Estado referiu de xeito crítico que “razóns de seguridade xurídica e boa técnica legislativa aconsellan que todas as normas, e moi en especial aquelas que teñan rango de lei nazan no propio seo da materia que é obxecto de regulación, e vivan dentro dela ate que sexan substituídas por outras.”

Consideracións críticas que razoaba no noso país o Consello Económico e Social de Galicia, no seu ditame 8/11 sobre o anteproxecto de lei de medias fiscais e administrativas, para sinalar nas súas consideracións xerais unha crítica do seguinte teor:

- “(...) *inadecuada a técnica legislativa que se traza con este anteproxecto*

e os problemas que suscita o uso dunha lei que regula unha profusión de materias distintas, provocando inseguridade xurídica ao incrementar a dispersión das normas reguladoras, o que dificulta a súa localización e entendemento por parte das persoas obrigadas por elas. Ao mesmo tempo, dificúltaselle a este Consello a realización dunha avaliación global do texto obxecto de Ditame.”

- *“(…) resaltar que o vencellamento político deste anteproxecto coa lei de orzamentos de Galicia para 2012, obriga ao trámite polo procedemento de urxencia, cando unha parte considerable das disposicións recolidas no mesmo semella non requeri-lo.”*

Este proxecto de lei modifica nada menos que as seguintes normas legais, 20:

- Lei 16/2010 de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público de Galicia.*
- Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos.*
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.*
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.*
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.*
- Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado no decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.*
- Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público. *
- -Lei 2/2011, de 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.*
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.*
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia.*

- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.*
- Lei 14/1985, reguladora dos xogos e apostas de Galicia.*
- Lei 3/2008, de 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia.*
- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.*
- Lei 4/2015 de Mellora de Estructura Agraria de Galicia.*
- Lei 11/2008, de 3 de decembro, de Pesca de Galicia.*
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.*
- Lei 2/2016, do solo de Galicia.*
- Lei 10/1983, do 9 de decembro, reguladora do Consello Asesor de RTVE en Galicia e queda disolto o Consello Asesor de Radio e Televisión Española en Galicia.*
- Lei 3/2014 do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia.*

E os decretos:

- Decreto 149/2008, de 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.*
- Decreto 130/2013, do 1 de agosto, polo que se regula a explotación dos portos deportivos e das zonas portuarias de uso náutico-deportivo de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A continuación relatamos os aspectos que se introducen neste proxecto de lei que nos parecen máis destacables e nos que nos baseamos para concluir a necesidade da devolución de dito proxecto de lei:

- **Nas medidas fiscais** a tan cacarexada e publicitada de política de impostos cero no rural tradúcese nunha modificación para unha dedución para vivenda habitual por discapacitados, familias numerosas e menores de 36 anos para zonais pouco poboadas e rurais.



O impacto desta medida recollido no proxecto de lei de Orzamentos de Galiza para o ano 2017 é de 2,3 millóns de euros, o que evidentemente non se corresponde coa transcendencia que a nivel propagandístico se lle quixo dar.

Practicamente a iso se reducen as modificacións fiscais neste proxecto de lei, que non introduce medidas recadatorias para fortalecer a prestación de servizos públicos esenciais e que aumenten a progresividade e en definitiva a xustiza fiscal.

Non se actúa no IRPF no senso de incrementar os tipos ás rendas máis altas, nin no imposto de patrimonio para incrementar os tipos e baixar o mínimo exento, nin se actúan nos impostos ambientais coma o da contaminación atmosférica ou de augas ancoradas, para que as grandes empresas produtoras de electricidade, e que causan impactos ambientais compensen en parte ditos impactos.

A ademais as modificacións contidas na lei 6/2003 de 9 de Decembro no referido as descargas de peixe nos portos, podemos observar como as modificacións adaptadas comprometen a política necesaria para incentivar a pesca tradicional e de baixura xa que aposta por incentivos para as grandes descargas de orixe semi-industrial fronte as artes menores cun menor impacto de Tn de descarga pero un maior valor engadido por cada unha delas.

En canto ás medidas administrativas:

- No Título II Capítulo I, **Función Pública**, modifícanse varios aspectos da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, que afectan especialmente ao persoal laboral temporal, con moitos casos de sentencias gañadas para a estabilización ou consolidación, sen un proceso de diálogo e acordo previo, que sempre que sexa posible sería o desexable.

Neste caso e polo manifestado pola representación sindical do sector público non se ten dado.

- No Título II, Capítulo VI, propóñense modificacións relevantes na **Lei de 4/2015 de Mellora de Estrutura Agraria de Galicia** que afecta dun xeito



escandaloso á distancia das granxas de produción porcinas aos núcleos de poboación.

En dito artigo considera que, a efectos de aplicación das condicións mínimas de ubicación recollidas para as novas explotacións porcinas na normativa básica estatal, entenderase por “casco urbano” os asentamentos formados polo menos por 10 edificacións de uso residencial con separación entre elas inferior a 25 metros e onde teñan a súa residencia a lo menos 100 persoas.

Non se considerarán, polo tanto, incluídos no concepto de “casco urbano” outro tipo de asentamentos de poboación que non cumpran conxuntamente cos ratios de poboación e edificacións anteriormente sinalados, nin as vivendas illadas dispersas, nin os asentamentos poboacionais en diseminado constitutivos de núcleos rurais, tal e como precisa a propia norma.

Queremos lembrar que en Galiza existen 27.000 núcleos que non chegan aos 100 habitantes para facernos unha idea da afectación que tería a aprobación deste artigo.

Nos núcleos de poboación que non cumpran estes parámetro, centos en Galiza, dada a regresión da poboación no medio rural e á diseminación da poboación, poderíanse implantar granxas industriais de porcos sin ter que cumprir a normativa básica estatal no referido ás distancias e medidas de ordenación sanitaria e zootécnica.

Na normativa estatal (RD 324/2000 de 3 de marzo, polo que se establecen normas básicas de ordenación das explotacións porcinas) a distancia mínima, como norma xeral, é de 1.000 metros a núcleos de poboación; distancia que coa norma que pretende aprobar a Xunta supón que deixaría de cumprirse en moitos núcleos de poboación.

O Tribunal Constitucional (STCo 158/2011) xa interpretou dita norma estatal no sentido de que é básica en relación ás distancias mínimas, de común aplicación para todo o Estado.



Resulta, ademais, especialmente grave que a norma non estableza ningún tipo de cautelas ou esixencias sanitarias, nin tampouco condicionantes ou límites ao número de animais e tamaño da explotación.

Ademais de ser incongruente coa definición de solo urbano e de núcleo rural, é un auténtico desatino a aprobación deste artigo que vai en contra dunha ordenación racional do noso rural e á compatibilización dos usos residenciais e agroindustriais nos núcleos rurais, permitindo a implantación de granxas porcinas próximas a centos de núcleos de poboación, tanto no medio rural como nos restantes núcleos urbanos habitados.

- Modificacións substanciais na **Lei 7/2012 de Montes de Galicia onde por exemplo:**

a) Precísase que os aproveitamentos forestais no solo rústico de especial agropecuaria rexeranse pola lei de montes, e que en todas as categorías de solo rústico (isto é, en todas as categorías ás que se refire a LSG/2016) o aproveitamento forestal rexerese como norma xeral, pola lei de montes.

b) Mais terreo para uso forestal, dado que agora poderase reforestar o solo urbanizable correspondente a sectores clasificados urbanísticamente como solo urbanizable pero que en aplicación da DT da LSG/2016 se lles aplica o réxime do solo rústico, isto é ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico dos concellos que non teñan o planeamento adaptado á LOUG (lei 9/2012), que son a maioría.

c) Barra libre para plantar todo tipo de especies forestais, as que acorde a Xunta de Galicia por Decreto, aínda en contra do modelo silvícola aprobado.

Tamén se propón modificar a normativa referida a ditos modelos silvícolas orientativos, ao introducir estes modelos orientativos como instrumentos de xestión forestal.

d) Manga ancha á Administración nos procesos de deslinde entre Montes veciñais en man común e particulares xa que o Informe da Administración forestal nestes procedementos suprime a esixencia necesaria de que o contido



do informe se refira á “*existencia ou non de menoscabo da integridade do monte vecinal*”.

e) Recoñécese por vez primeira dito aproveitamento privado en montes en man común.

Estas modificacións xunto coa derogación do Decreto 149/2008 sobre a regulación da produción enerxética en base á biomasa, e a creación na Disposición Adicional Sexta da Axencia Galega da Industria Forestal son importantes cambios que afondan nun modelo ao servizo da gran industria e que condicionan o modelo futuro, a ordenación territorial e a biodiversidade, entre outras cousas, e faise sin contar coa participación social e ás agachadas.

- No Título III de **Ordenación do Sistema de Transporte Público Regular de viaxeiros** que son un conxunto de medidas que non so van directamente contra dos fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón contra do Regulamento 1370/2007 e as suas directrices de interpretación do 2014.

No transporte actúa a Xunta de Galicia con opacidade, improvisación e desprezo polas sentencias xudiciais, onde o Tribunal Supremo en sentenza de 14/03/2016, que anula a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, que prorrogou 129 concesións.

O Parlamento de Galicia, despois da sentenza do TS, aproba a Lei 10/2016 , do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.

O obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos : “*Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte o previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo*”



mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, **no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos,** facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei”.

Ou sexa, e en definitiva, **garantir a continuidade das concesións cuxa prórroga automática foi anulada polo TS.** E faino do seguinte xeito ,nunha evidente execución fraudulenta da sentenza :

a) deixase sen efecto o art. 1 da Lei 5/2009 (que era o que regulaba os prazos de vixencia das concesións)

b) A continuación, “*Malia o indicado no parágrafo anterior, os servizos públicos de transporte regular de uso xeral aos que facía referencia o artigo 1 da Lei 5/2009 continuarán a ser explotados polos seus prestadores actuais ata a adxudicación e implantación dos servizos establecidos no Plan de transporte público de Galicia, de acordo cos prazos indicados no artigo anterior*”.

c) O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016, garantíndose que os novos contratos de transporte se produza dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007 [.http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2007:315:0001:0013:Es:PD](http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2007:315:0001:0013:Es:PD)
F isto é, a partir do 03/12/2019 /art. 8.2.

E para completar e complementar a execución fraudulenta da STS e en contra do Regulamento 1370/2007 elabórase 5 meses despois da Lei de transporte a Lei de medidas fiscais e administrativas do 2017 que está en trámite, con modificacións tan transcendentales coma a do artigo 72.2 que permite a previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan



de Transporte Público de Galicia, unha vez máis incumprindo a normativa comunitaria, e obviando a necesaria planificación integral do transporte para a Galiza do século XXI.

En consecuencia nesta lei prevense novas prórrogas dos servizos de transporte por dous anos ao amparo ,fraudulento, do art. 5.5. do Regulamento 130/2007, e mediante o artigo 73.3. e a ampliación dos prazos das concesións por riba dos dez anos, o que novamente non se axusta ao Regulamento 1370/2007 e ás súas directrices de interpretación.

Por outra banda este proceder vulnera o proceso de participación e planificación no transporte público, unha cuestión que non afecta só aos intereses lexítimos das empresas, senón a toda sociedade que debera de participar na súa elaboración.

A Xunta de Galicia opta, tamén no transporte público, pola opacidade, improvisación e elusión do cumprimento das sentencias xudiciais.

- No Título IV do proxecto de lei baixo o nome de **medidas provisionais de ordenación urbanística**, agóchase un instrumento que, unha vez máis, ten como finalidade real eludir o cumprimento das sentenzas xudiciais firmes que anularon os plans de Ares, Rábade, Melón, Ourense, Gondomar e Vigo e os que se anulen no futuro.

O novo instrumento de ordenación urbanística provisional incorporará a ordenación contida no plan anulado sen necesidade de adaptarse á normativa urbanística vixente na actualidade como se reflexa no artigo 89.

O antecedente está no artigo 96 da anterior Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no que se regulaba a potestade do Consello da Xunta para suspender, en todo ou en parte, a vixencia dos instrumentos de ordenación urbanística e a aprobación dunha



ordenación provisional que estaría vixente ata a entrada en vigor do novo planeamento. Esta potestade foi suprimida pola nova Lei 2/2016, do solo de Galicia o que mostra a continua improvisación da Xunta de Galicia nun ámbito onde é tan necesaria a planificación.

Porén, no urbanismo, a Xunta actúa a golpe de sentenza.

Estas e outras modificacións conforman unha lei de medidas fiscais e administrativas que se utiliza como instrumento para esquivar o debate, para opacalo, para desprezar o cumprimento das sentencias xudiciais, e para seguir no camiño da improvisación constante e a inseguridade xurídica.

Modificacións como as propostas para o ámbito do urbanismo, na lei de montes e na de mellora de estruturas agrarias afecta decisivamente no modelo de ordenación do país, e escóllese o método menos transparente e participativo posible, modificándose sobre a marcha, e deixando de lado a rigorosa planificación.

Preguntámonos pola coherencia e previsión da acción pública dun goberno que modifica deste xeito tantas cuestións de gran calado e na maioría dos casos normas aprobadas polo mesmo executivo, incluso de xeito ben recente.

Creemos que moitas destas cuestións dunha magnitude moi relevante deberían de ter un procedemento de aprobación ordinario que permitise o debate político e social necesario, así como os informes que ordinariamente se levan a cabo.

Introduce tamén modificacións na Lei de Pesca de Galicia en materia de Concesións Experimentais, que inclúen de forma expresa facilidades para “innovacións en especies” que poden significar a introdución de especies exógenas no noso medio mariño, con enorme impacto medioambiental e sobre a produción das nosas especies de carácter salvaxe, na liña do xa expresado



no anteproxecto de lei de Acuicultura de Galicia.

Por todo elo o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte emenda de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2017.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2016.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/12/2016 21:29:41

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas** (doc. núm. 1969), con expresa **petición de devolución** por non estar de acordo nin co fondo nin coa forma.

Como vén sendo habitual nos últimos anos do Goberno presidido polo Sr. Núñez Feijoo, esta lei constitúe unha extensa amalgama de preceptos inconexos e sen un criterio minimamente homoxéneo, que resulta contraria á necesaria transparencia, quebrando o principio de seguridade xurídica, modificando aspectos lexislativos moi relevantes a través dunha utilización espúrea desta figura.

Utiliza unha técnica lexislativa impropia e desaxustada, especialmente tendo en conta o discurso de transparencia e calidade democrática do Goberno, que se pensaba xa superada, pero que o actual Goberno autonómico rescatou para os orzamentos nos últimos anos, e que pese ás críticas unánimes da oposición e da doutrina, consolida de novo este ano 2017.

Este mecanismo imposibilita poder afondar en diversas cuestións, ao estar supeditadas á Lei orzamentaria e ser tramitadas polo procedemento de urxencia, co detrimento da calidade política e xurídica que provoca.

Esta lei aproveita de maneira interesada a axilidade procedimental da Lei de orzamentos, pero sen verse afectada polas súas restricións, perfectamente expresadas na sentenza do Tribunal Constitucional STC76/1992, na que se vetaban certas materias nas leis de orzamentos. Estas leis de acompañamento respectan as formas da Constitución e da doutrina do Tribunal Constitucional, pero non así o seu espírito de transparencia, gobernanza e bo goberno.

Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A doutrina afirma que as leis de acompañamento serían no fondo un anaco da Lei de orzamentos (así se nos presentou nestes orzamentos nos que a Xunta a acompaña coma un libro máis destes) que se deixa fóra (xusto ao lado) coa finalidade de sortear ou evitar as limitacións materiais que teñen estas leis.

Hai autores que consideran que este tipo de leis son unha fraude á doutrina do Tribunal Constitucional en materia de límites do contido das leis de orzamentos como podería ser a restrición que impón o art. 134.7 da Constitución ao impedirle crear tributos ou modificalos se non o habilita previamente unha lei tributaria.

Con esta lei impídese coñecer con rigor, profundidade e o detemento necesario, todas e cada unha das cuestións incluídas nela, obtendo como resultado o decrecemento da calidade política e xurídica do debate do proxecto de lei. E mesmo a calidade democrática do conxunto da vida parlamentaria, e das labores de impulso e control que se debe defender dende o poder lexislativo, fronte ao poder executivo.

Esta norma é contraria á transparencia, e mostra o retroceso democrático que está a ter o Goberno da Xunta de Galicia, modificando dúas dúas de leis, tanto fiscais como administrativas.

Con respecto ás primeiras modifica o ITP-AXD e tributos propios como as taxas administrativas. Con respecto ás administrativas modifica entre outras a Lei 10/2016 de Transporte Público de Galicia, a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, a Lei 9/2013 do Emprendemento e a Competitividade Económica de Galicia, a Lei 2/2012 de Protección Xeral das Persoas Consumidoras e Usuarias, a Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia, a Lei 16/2010 de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público, a Lei 3/2008 de Minería de Galicia, por poñer algúns exemplos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Constátase ademais unha ausencia dos informes necesarios por parte mesmo das distintas consellerías, respecto da xustificación das modificacións propostas ou das cuestións que lles compete. Así como de calquera outro tipo de informe sectorial que sería desexable cando se modifican leis de tal transcendencia para Galicia. E mesmo os informes de impacto económico, que nun momento como o actual resultan especialmente relevantes.

Modifícanse leis en vigor sen ningunha xustificación ou aclaración, moitas delas sen incidencia directa cos gastos e ingresos da administración autonómica, existindo materias que claramente deberían ser obxecto dun tratamento específico e diferenciado, requirindo ser tramitadas dun xeito separado, polo seu impacto social, económico e territorial; como pode ser a creación da Axencia de Industrias Forestais de Galicia ou a modificación radical das perspectivas de explotación de plantas de Biomasa en Galicia.

Pazo do Parlamento, 23 de decembro de 2016

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/12/2016 12:50:50



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas 2017**, doc. núm. **1969, (10/PL-000002)**, polos seguintes motivos:

O contido do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para 2017 confirma que, malia as invocacións relativas á procura de diálogo e consensos expresadas polo Presidente do Goberno galego durante a sesión de investidura cara a vixente Lexislatura, en realidade estamos ante as mesmas prácticas dun Goberno absolutista, incapaz de debater de forma ampla e consensuar cos sectores afectados ningunha caste de medidas regulatorias.

O proxecto de lei, aínda mantendo o seu carácter de “caixón de xastre” onde cabe de todo sen gardar a menor relación, onde se incorporan moitas medidas inconexas sen relación directa coa xestión do gasto público, ten un denominador común que semella máis negativo e preocupante. Estamos a referírmonos á inclusión de normas e medidas nidamente sectoriais, aplicábeis a sectores económicos concretos que non se consultan, e moito menos son negociadas, dado que non teñen a ver con melloras ou innovacións de carácter global en ditos sectores, senón que encobren responder por parte do Goberno galego a intereses específicos, afastándose así dese consenso e defensa do interese xeral que se pregoa, pois na práctica actúase directamente de xeito contrario.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, non hai política fiscal de seu, hai medidas parciais, deseñadas puntualmente para supostos concretos, que non poden merecer a consideración de estarmos ante un programa de incentivos fiscais para a recuperación económica. Apenas modificacións en tributos menores, cuxo impacto económico como se reflicte na propia memoria superan apenas os tres millóns de euros, isto é, representan en termos porcentuais escasas centésimas da cifra global dos ingresos non financeiros previstos no orzamento. Isto demostra a nula ambición do Goberno de idear unha política fiscal capaz de xerar ingresos para poder ter orzamentos con recursos destinados tanto a satisfacer as necesidades que demandan as galegas e galegos, particularmente no que atinxe á política social, como a dar un impulso á actividade económica.

Por outra banda, dentro do epígrafe de medidas administrativas inclúense modificacións normativas que non encadran estritamente nesa conceptualización, xa que son medidas de regulación sectorial propias, que inciden na dinámica de actividades económicas, onde deberían ser oídos, consultados e considerados os interesados a través da participación das organizacións sectoriais representativas, cando menos, alén de darlle publicidade axeitada para cumprir cos mínimos requisitos de transparencia na actividade legislativa do goberno.

Non é admisíbel incluír modificacións importantes na función pública, na política forestal, de estruturas agrarias, de acuicultura e pesca, ou no transporte colectivo dun xeito apresurado, xa non só na tramitación dos orzamentos, senón en concreto deste orzamento cara 2017, o cal –polas circunstancias electorais- ten un tránsito parlamentario máis acelerado. Tamén, precisamente por ser o comezo dunha legislatura, constitúe un precedente moi negativo que, de non corrixirse, aveciña unha mala praxe parlamentaria e da acción do goberno cara as persoas e sectores



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interesados. Desexaríamos que, despois de apelar a consensos e diálogos polo Presidente Feijoo, non se encetara a Lexislatura cunha lei de acompañamento aos orzamentos que se aventura en modificar aspectos tan substanciais como a definición legal de terreo forestal cunha variación importante para a intervención nas zonas agrarias, que traza o deseño para a conversión de centos de convenios forestais que afectan a miles de hectáreas de monte veciñal sen pulsar a opinión das comunidades, que introduce dun xeito parcial a deostada lei de acuicultura rexeitada amplamente polo sector coa ampliación das concesións de acuicultura, que remuda as normas de xestión das terras improdutivas e da súa mobilidade sen escoitar ás organizacións agrarias profesionais, que trastoca aspectos da función pública obviando os mecanismos de negociación colectiva e con iso vulnerando os dereitos das persoas empregadas públicas, entre outros aspectos. Mención e crítica específica merece a inclusión de todo un título destinado a medidas de ordenación de transporte colectivo, que por si mesmo xa motivaba a presentación dunha iniciativa legislativa separada, cando ademais neste mesmo ano se presentara, e finalmente aprobou, unha lei de medidas urxentes, que se xustificaban na necesidade de manter un estatus para fixar un prazo de 21 meses para procurar unha planificación de futuro. Daquela urxencia a unha nova urxencia nun sector relevante, que se verá obrigado a paralizar o seu desenvolvemento mentres haxa un Goberno cunha actuación flutuante guiada pola ambigüidade e a indecisión, proclive a intereses particulares, no canto da determinación e a resolución en función dos intereses xerais do país en materia de mobilidade.

Realmente agardábamos que as apelacións a un tempo onde se forxara unha política en base a acordos a prol dos intereses xerais de Galiza trouxeran como consecuencia unha normalidade democrática e parlamentaria, de xeito que aspectos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que, aínda sendo sectoriais mais de envergadura para os interesados, foran abordados dun xeito sereno, pausado e específico, contando tamén para iso co seu parecer.

Con esta iniciativa, no entanto, o Goberno galego formula unha emenda total ao que predica, renega plenamente da súa alocución a fomentar procedementos máis abertos, participativos e plurais. A realidade amósanos que volvemos de cheo a un goberno que procura o debate “exprés”, dentro das paredes dos despachos institucionais e nada receptivo á transparencia e á participación social.

Tamén en moitas desas medidas administrativas se actúa en modificacións puntuais sobre normas recentes, que poñen de manifesto a improvisación lexislativa do Goberno galego, o que causa unha fonda inseguridade xurídica. Alén diso, a continua proliferación normativa, lonxe de ser unha virtude en si mesma, tamén denota que a falta de diálogo, contraste e atención á opinión de persoas, colectivos e entidades afectados polas normas, que caracterizou aos gobernos galegos nas últimas dúas lexislaturas, provoca retoques continuos nas súas leis. Pola contra, de abandonar ese proceder, presentando as leis para debate neste Parlamento en forma, previa participación social na elaboración, e con tempo para tramitalas con vontade de arriquecelas en sede parlamentaria, en moitos casos aprobaríanse leis de calidade, que non requirirían do parcheo crónico e incesante como acostuma a facer este Goberno galego.

Como noutras ocasión, o carácter de lei inconexa, tamén volve a favorecer a inclusión de medidas pola porta de atrás, nun exercicio de falta de transparencia, de escurantismo sobre o cal se pretenden agochar medidas claramente antidemocráticas. De xeito específico, estamos a falar da pretensión unilateral



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.es
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

do Goberno de interpretar e forzar aos concellos a asumir o saldo que o consorcio lle presenta no que atinxe á xestión de determinados servizos básicos, no canto de actuar a través das comisións mixtas que os convenios en vigor regularon para a resolución de discrepancias con base na lealdade e o respecto institucional, e ademais, a fin de impor un novo modelo de financiamento dos servizos sociais compartidos sen unha memoria económica que o xustifique, agás que sexa o motivo inconfesábel de cadrar as contas -a custa de que acheguen máis fondos os concellos- dunha entidade que arrastra unha pésima xestión dos sucesivos Goberno do Partido Popular, derivada da política emprendida de recortes nas políticas sociais.

Por todas estas razóns, a través desta emenda de totalidade o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E ADMINISTRATIVAS.**

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2016

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 23/12/2016 11:44:38

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727